

APRENDE SEGURIDADE VIARIA co **POLI PACO**



ESCRITO E ILUSTRADO POR
YOLANDA MARTÍNEZ
EN COLABORACIÓN CON
ABELARDO MARTÍNEZ

Publicado por la Concellería de Educación del Concello de Sanxenxo.
Escrito e ilustrado por Yolanda Martínez Santiago basado en las marionetas y temarios que imparte Abelardo Martínez Meis en los centros educativos.
Diseño y maquetación: Yolanda Martínez Santiago
www.hilosyballenas.com
Traducido por Irene Chouza
Canciones: Albino Martínez

Impreso en Galicia.
Primera edición: Marzo de 2024
ISBN: 978-84-09-58938-8
Depósito legal: PO-83-2024

Dedicatorias:
Abelardo Martínez Meis: *“Gracias por dejarme soñar y seguir siendo niño”*
Poli Paco: *“Gracias a Manuel y Abelardo por creer en mí y a Ferreiro por dejarnos hacer”*
Yolanda Martínez Santiago: *“Esto también sigue siendo tuyo, Papá”*

Gracias a Teavial por dejarnos usar la secuencia de pictogramas del paso de peatones y así dar visibilidad a la labor tan bonita que hacen.

Todos los derechos están reservados. Queda prohibida la reproducción total o parcial de este libro por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y el tratamiento informático, la fotocopia o la grabación sin el permiso expreso de los titulares del copyright.



@elpolipaco



POLI PACO

Ola! Son o Poli Paco e xunto cos meus amigos e amigas, imos aprender cousas moi importantes xogando. Aos poucos, irás coñecéndoos. Preséntochos:



POLI LOLA




AVÓ NICOLÁS



NATI A BOMBEIRA



ERO O BOMBEIRO



CARAOVO



PAQUITO



O corpo de policía está para axudarnos e protexernos en caso de correr perigo. Tamén vixían que a xente respecte e obedeza as leis e normas de circulación entre outras moitas cuestións.

DETERSE



COLOREA
AO POLI PACO






Ola! Eu son Ero, o bombeiro. Cando hai lume, sabes quen se encarga de apagalo? O corpo de bombeiros! Deches no cravo! Son persoas moi valentes, responsables de apagar os incendios, axudar nos accidentes, acudir a un rescate cando alguén periga ou axudar ante calquera situación de emerxencia.



BOMBEIROS
112



LUME




EXTINTOR

CON CAL DESTES OBOXECTOS CRES QUE PODERIAMOS APAGAR UN LUME? REDONDEA CADA UN DELES.



EXTINTOR



PEDRAS




FLOTADOR
UNICORNIO



TERRA



MANGUEIRA



GARFO



O nome da primeira bombeira que houbo en Galicia é Natalia.



O avó Nicolás vainos ensinar
para que serve o chaleco que
leva posto. Avante, avó!



Ola, eu son o avó Nicolás.
Todas as persoas temos a obriga
de levar un chaleco coma este
gardado no coche, para poñelo en
caso de accidente. Ademais, eu
tamén o uso sempre que saio a
pasear polas tardes, para que se
me vexa ben cando escurece.
Desta maneira, se me cruza con
algún coche, este verame mellor
e evitarei poder ser atropelado.
E recordade! Se non dispoñemos
de beirarrúa, teremos que
circular pola esquerda.






Estes son algúns dos sinais de tráfico que podes atopar nas rúas. Queres coñecer o significado de cada un deles? Cóntocho deseguido:

Este é de obriga, e dinos que tan só se pode circular na dirección indicada.

Este é informativo, e indícanos un paso de peóns debuxado na calzada.

Este sinal é de perigo e avísanos de riscos próximos.

Este é o de prohibición. Quere dicir que, cando o vemos, non podemos pasar por onde está.



De último, temos o semáforo. Na páxina seguinte ímosche ensinar unha morea de información acerca del. Polo de agora, memoriza as súas cores: vermello, amarelo e... verde!



Sabes o nome de cada unha das figuras que aparecen a continuación? Algunhas delas semellan sinais, non cres?



ROMBO




OCTÓGONO



CÍRCULO



CADRADO



TRIÁNGULO

Estás ao tanto do que é un semáforo? Sabes para que serve?

Os semáforos son sinais con 3 luces de cores diferentes.

Axudan a peóns ou condutores de vehículos a decidir de quen é a quenda para pasar. Se camiñamos pola rúa, dinnos se podemos cruzar ou non. Se imos en coche, avísannos se debemos parar e deixar cruzar aos peóns, ou avanzar.



É moi sinxelo, xa verás. As luces teñen estas 3 cores:

SEMÁFORO PARA COCHES:

VERMELLO: DEBEMOS PARAR

AMARELO: PRECAUCIÓN

VERDE: PODEMOS PASAR



SEMÁFORO PARA PEÓNS:

VERMELLO: NON podemos pasar.

VERDE: podemos pasar, pero sempre é recomendable mirar para os lados antes, por se viñese algún coche.

O primeiro semáforo foi instalado o 9 de decembro de 1868 en Londres.




CANTA COMIGO!

Cando está en verde, debes mirar a un lado, ao outro antes de cruzar. Á túa familia teslle que dar a man ou a un adulto que che queira axudar.


Se está en vermello, tes que parar, na beirarrúa tes que esperar. Con moito ollo agora has de andar porque son os coches os que van avanzar.

Recórdao sempre: o verde é mirar cara ós lados, para cruzar.
Recórdao sempre: o vermello é parar porque os coches van avanzar.
(BIS)



PREME AQUÍ PARA
ESCOITAR A CANCIÓN

VAMOS XOGAR CO SEMÁFORO DOS COCHES!
Colorea e une as cores coa acción correspondente.



Se imos no coche...

PODEMOS PASAR

DEBEMOS PARAR

PRECAUCIÓN

PARAR




MIRAR



CRUZAR



COLOREA A POLI LOLA



POLICÍA



Cando camiñemos pola rúa, debemos ir pola beirarrúa. Pode ser que non haxa. Nese caso, sempre circularemos pola esquerda.



COLOREA A CARAOVO
E A CARAOVIÑO.

Polo xeral, as beirarrúas sitúanse aos lados da calzada e adoitan ser un chisco máis altas. Aínda así, o máis seguro será se vas agarrado da man dunha persoa adulta. Tamén debemos ter moito coidado coas saídas de coches dos garaxes. Ás veces hai luces laranxas que nos advirten dos perigos.

Sabes o que é un paso de peóns? É un tipo de paso que aparece marcado na calzada con raias longas e brancas, que se utilizan para que os peóns poidan cruzar con seguridade. Pero... ollo ao piollo! Só os peóns poden cruzar por eles, os coches non.

Os debuxos

azuis que aparecen no paso de peóns son unha secuencia con catro pictogramas para que as persoas con autismo comprendan para que serve, xa que a través dos debuxos lles é máis fácil identificar que teñen que facer en cada momento. Ademais, o azul é a cor representativa do autismo e dos sinais de tráfico informativos cadrados, como vimos en páxinas anteriores.



CASA DO CONCELLO

Recoñeces as bandeiras que están na casa do concello?



EUROPA

ESPAÑA

GALICIA

SANXENXO


En castelán, os pasos de peóns tamén son chamados "pasos de cebra" xa que as raias brancas son semellantes ás dunha cebra.





Cando imos baixar do coche,
sempre o faremos polo lado que dá
á beirarrúa, nunca polo lado da calzada.
Se xorden dúbidas, as opcións perfectas
son esperar a axuda dun adulto
que che diga que facer,
ou preguntarlle ti mesmo.



CALZADA



COLOREA E DIVÍRTETE!



**ESTACIONAMENTO
BEIRARRÚA**

BICICLETA




COCHE



Fíxate nesta familia dentro do coche. A nai conduce diante e a nena e o neno van atrás. Ata que midas 1,35 metros debes viaxar na parte traseira do coche co cinto de seguridade abrochado. E ti? Onde sentas cando viaxas en coche? Amárraste co cinto? Lembra que é de vital importancia levalo SEMPRE, SEMPRE, SEMPRE abrochado!

CINTO



BUSCA AS 12 PALABRAS AGOCHADAS NA SOPA DE LETRAS!


POLICÍA
CINTO
SEMÁFORO
BEIRARRÚA
BEIRAVÍA
CALZADA
SEGURIDADE
PEÓNS
EXTINTOR
CHALECO
CASCO
EMERXENCIA

P	E	O	N	S	J	B	E	I	R	A	R	R	U	A
A	X	B	D	H	K	L	M	O	Q	F	R	X	S	T
O	T	M	K	I	G	H	E	C	Y	X	Z	E	W	P
P	I	L	J	Ñ	N	F	R	D	A	J	L	M	Ñ	C
R	N	E	S	E	G	U	R	I	D	A	D	E	X	A
T	T	F	E	R	T	H	U	R	X	Ñ	L	R	S	S
Q	O	G	M	F	L	B	B	F	C	O	K	X	H	C
S	R	H	A	D	S	E	M	C	H	A	L	E	C	O
W	A	D	F	L	Ñ	I	X	I	A	H	Ñ	N	J	I
Z	X	K	O	M	K	R	F	N	Ñ	L	X	C	K	L
C	B	J	R	H	J	A	H	T	E	Y	Z	I	A	M
Ñ	L	Y	O	F	R	V	U	O	R	X	Z	A	S	X
X	I	F	H	G	X	I	D	M	N	T	Y	D	D	Ñ
P	O	L	I	C	I	A	G	Y	H	J	X	I	W	A

Non esquezas: Ata que midas 1,35 metros (aínda que 1,50 é o máis aconsellable) sempre viaxarás no asento traseiro e coa túa cadeira para coche.

Montaches algunha vez no autobús? A que parece divertido? Os coches vénse moito máis pequenos dende arriba e as persoas semellan formigas, non o cres? Non esquezas que no autobús tamén debemos pór os cintos de seguridade e facer caso aos adultos en todo momento.

PAQUITO NON ATOPA O CAMIÑO
PARA CHEGAR AO AUTOBÚS. AXUDÁMOLO?




Na parada do autobús, esperaremos sempre na beirarrúa e non nos achegaremos ao bus ata que pare totalmente. Ah! E subimos e baixamos ordenadamente!



Un detalle tamén imprescindible que deberemos recordar é o uso do casco cando montemos en bici. Caraovo vai explicarnos por que... Veña, Caraovo!

Adiviña que pasaría se un ovo caese ao chan.



Que rompe, non si? Pero... E se ese ovo levase posto un casco para protexerse? Que pensas que ocorrería?

Exacto! Que non escacharía! Velaí que sexa crucial que nós o poñamos tamén, xa que dese xeito, se imos de fociños contra o chan, non nos mancaremos.



Lembra que a bicicleta non deixa de ser un vehículo e, polo tanto, teremos que respectar as normas de circulación.



Entroume a fame ao ver ese ovo!!! Ñam, ñam!!



Agora, imos ensinarvos un truco para memorizar o número de emerxencias. Se algún día tedes un accidente ou estades en perigo, marcade 112 no teléfono, axudaranvos.

LEMBRA: 112



1 BOCA

1 NARIZ

2 OLLOS

E cando chames, lembra catro feitos importantes:

- Di cal é a emerxencia
- Di onde é a emerxencia
- Seguir as instrucións
- Manter a calma



ÉCHE HORA DE COLOREAR!



Díxenche xa que son un pouco
pillo? Veño de agochar certos
obxectos polo parque...
Serás quen de atopalos?



OS SEGUINTES SON OS
ELEMENTOS A BUSCAR:



SAN
XEN
8X0
PARQUE INFANTIL
PANADEIRA ▶

CANTA CONNOSCO!

0 que che di cando xa podes cruzar...

Poooooooooli Paaaaaaaco!!

0 que sempre axuda ós demais...

Poooooooooli Paaaaaaaco!!

Sempre nel é no que debes confiar
a súa obriga é axudarlle ós demais
todas estas normas ti debes respectar
para que seguro ti poidas estar.

Cando un problema queres solucionar...

Poooooooooli Paaaaaaaco!!

Sempre, sempre lle tes que preguntar
ao Poooooooooli Paaaaaaaco!!

Na túa bici ou na moto familiar
sempre sempre o casco has de levar
o cinto no coche pón ao viaxar
se san e salvo sempre queres chegar.

Todos estes datos ti debes recordar
1 2 3 e volvemos comezar.

0 que che di cando xa podes cruzar...

Poooooooooli Paaaaaaaco!!

0 que sempre axuda ós demais...


Poooooooooli Paaaaaaaco!!

Cando un problema queres solucionar...

Poooooooooli Paaaaaaaco!!

Sempre, sempre lle tes que preguntar
ao Poooooooooli Paaaaaaaco!!

PREME AQUÍ PARA
ESCOITAR A CANCIÓN



O GROVE

RÍA DE AROUSA

Sabes a dirección na que vives e un teléfono de contacto? Acórdate de que é importante que o saibas en caso de verte nunha emerxencia algún día. Escribe a túa dirección e o teléfono dentro da casa branca que ves abaixo, localiza no mapa onde vives e sinálao cunha cruz.



A LANZADA

VILALONGA

CEIP CRUCEIRO

MEAÑO

NANTES

CEIP NANTES

POLÍGONO INDUSTRIAL

FOXOS

CEIP TELLEIRO
NOALLA

EEI AIOS

ADINA

COLEXIO
ABRENTE

CEIP A FLORIDA
PADRIÑÁN

BORDÓNS

DORRÓN

CEIP
MAGALANS

POIO

MAJOR
PRAGUEIRA

BASCUAS

MONTALVO

CEIP
PORTONOVO

SILGAR

BALTAR

NANÍN
AREAS

A GRANXA

AGRA


OBSERVA O SEGUINTE
MAPA. TRÁTASE DO
NOSO MUNICIPIO,
SANXENXO.
RECOÑECES ALGÚN
DESTES LUGARES?

CANELAS


CANELIÑAS

Agora imos coñecer a historia da bandeira de Sanxenxo. Ten 9 franxas onduladas amarelas que representan as 9 parroquias antigas do municipio: Adina, Arra, Bordóns, Dorrón, Gondar, Nantes, Noalla, Padriñán e Vilalonga. As actuais son 7, xa que Arra hoxe en día pertence á Adina e Gondar á parroquia de Vilalonga.

Por outra banda, as 9 franxas azuis son unha homenaxe ao mar que baña a nosa costa, simbolizando as 9 ondas do mar da Lanzada. Sabes de que estou a falar? Existe unha lenda que conta que cando unha muller quería quedar embarazada, tiña que ir a esta praia e deixar que lle petaran 9 ondas seguidas na barriga para que as posibilidades fosen maiores. Va que é sorprendente? Ademais, antigamente, a Lanzada foi moi importante para defendernos dos barcos inimigos que chegaban ás nosas costas.



**E PARA REMATAR, DEMOSTRA O MOITO QUE APRENDICHES!
BUSCA SETE ERROS NA SEGUINTE ILUSTRACIÓN, RODÉAOS E EXPLICA
BREVEMENTE POR QUE NON SON CORRECTOS.**



1.

2.

3.

4.

5.

6.


7.

SOLUCIÓNS


PÁXINA 6



PÁXINA 13




PÁXINAS 17 E 18



PÁXINA 21

P	E	O	N	S	J	B	E	I	R	A	R	R	U	A
A	X	B	D	H	K	L	M	O	Q	F	R	X	S	T
O	T	M	K	I	G	H	E	C	Y	X	Z	E	W	P
P	I	L	J	N	N	F	R	D	A	J	L	M	N	C
R	N	E	S	E	G	U	R	I	D	A	D	E	X	A
T	T	F	E	R	T	H	U	R	X	N	L	R	S	S
Q	O	G	M	F	L	B	B	F	C	O	K	X	H	C
S	R	H	A	D	S	E	M	C	H	A	L	E	C	O
W	A	D	F	L	N	I	X	I	A	H	N	N	J	I
Z	X	K	O	M	K	R	F	N	N	L	X	C	K	L
C	B	J	R	H	J	A	H	T	E	Y	Z	I	A	M
N	L	Y	O	F	R	V	U	O	R	X	Z	A	S	X
X	I	F	H	G	X	I	D	M	N	T	Y	D	D	N
P	O	L	I	C	I	A	G	Y	H	J	X	I	W	A

PÁXINA 23



PÁXINA 36




PÁXINAS 29 E 30



Por medio deste conto, aprenderás todo o que o
Poli Paco ensina nas súas visitas polos colexios e
as escolas infantís. Cousas moooooi importantes
que non debes esquecer nunca.
Le, colorea, aprende e xoga.

Apúntaste?



Desexamos que te divirtas
e que aprendas unha chea!!